



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

B A N D O

POSIBLES CORTES DE AUGA

Este episodio de seca está afectando moi negativamente aos mananciais que surten aos depósitos dos abastecementos municipais. O concello está detectando consumos irresponsables excesivos que fan baixar notablemente os niveis dos depósitos, con perigo do subministro público.

Deste xeito a Alcaldía pide aos veciños que fagan un consumo responsable da auga, xa que de manterse estes consumos excesivos estudarase realizar cortes no subministro dende o 15 de agosto, que en principio serían de 12 horas diarias. O concello continuará coa vixilancia para que se cumpra estritamente a normativa reguladora, denunciando e sancionando os usos incorrectos e abusivos.

Lémbrase que non están autorizados os usos de rega e de enchido e de mantemento de piscinas, así como que as sancións municipais polas infraccións neste tema poden ir desde 50 ata 1.000 €.

O concello agarda a colaboración de todos para evitar medidas drásticas de redución ou restrición de auga á poboación.

Irixoa, 11 de agosto de 2022

O ALCALDE

Antonio Deibe Sanmartín

